

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O Ceip Mestre Valverde Mayo está situado na parroquia de Sanguñeda, no concello de Mos, próximo ao concello de O Porriño e nunha zona semiurbana. Así mesmo, atópase ben comunicado coa cidade de Vigo, característica moi importante para complementar a oferta cultural de Mos. O centro actualmente conta con 196 alumnos e alumnas, repartidos en catro aulas do 2º ciclo de Educación Infantil e oito aulas de Educación Primaria.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida nun grupo de 21 alumnos e alumnas de segundo de primaria, ao que a mestra de lingua estranxeira lle impartirá clase de inglés e Plástica en lingua estranxeira.

Cabe destacar que esta programación é flexible polo que se poderán realizar as modificacións e axustes que se consideren oportunos en función das necesidades detectadas na práctica diaria da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A SURPRISE	As partes da casa e expresión de existencia.	20	14	X		
2	A NEW PET	As mascotas, a súa alimentación e expresión de posesión.	20	14	X	X	
3	WHERE¿S MY COAT?	As prendas de vestir. Expresión da roupa que se leva posta.	20	14		X	
4	BREAK TIME	Os xogos no tempo de lecer. Expresión de vontade e desexo.	20	14			X
5	WHAT¿S THE MATTER?	Expresión de doenzas comúns.	20	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A SURPRISE	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - CA1.1.1. - COMPRENDER o sentido global e información específica de TEXTOS ORAIS sinxelos relacionados co tema traballado en cada unidade.	Comprender o sentido global dun texto ORAL relacionado co tema abordado nesta unidade didáctica.	TI	100
CA1.3.1. - CA1.3.1. - EXPRESAR ORALMENTE textos breves e sinxelos previamente preparados sobre o tema traballado en cada unidade didáctica, coidando a pronunciación, a fluidez a entoación e a expresividade.	Reproducir textos breves sinxelos cunha fluidez aceptable e unha pronunciación aproximada que permita a comprensión da mensaxe por parte do oínte.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7.1. - CA1.7.1. - Empregar estratexias para comunicarse en situacións cotiás, formulando preguntas que expresen necesidade ou permiso e así solventar necesidades inmediatas (Teacher, I haven't got a pencil. Can I have one, please?)	Amosar intención comunicativa na lingua estranxeira para expresar necesidades ou desexos en situacións cotiás da aula.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar estratexias para axudar ao interlocutor no proceso de comunicación.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Mostrar interese por aplicar estratexias de comunicación.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Respectar a diversidade lingüística e cultural.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.			
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

Contidos

- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	A NEW PET	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - CA1.1.1. - COMPRENDER o sentido global e información específica de TEXTOS ORAIS sinxelos relacionados co tema traballado en cada unidade.	Comprender o sentido global dun texto ORAL relacionado co tema abordado nesta unidade didáctica.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Empregar estratexias de comprensión de textos orais.		
CA1.3.1. - CA1.3.1. - EXPRESAR ORALMENTE textos breves e sinxelos previamente preparados sobre o tema traballado en cada unidade didáctica, coidando a pronunciación, a fluidez a entoación e a expresividade.	Reproducir textos breves sinxelos cunha fluidez aceptable e unha pronunciación aproximada que permita a comprensión da mensaxe por parte do oínte.		
CA1.7.1. - CA1.7.1. - Empregar estratexias para comunicarse en situacións cotiás, formulando preguntas que expresen necesidade ou permiso e así solventar necesidades inmediatas (Teacher, I haven't got a pencil. Can I have one, please?)	Amosar intención comunicativa na lingua estranxeira para expresar necesidades ou desexos en situacións cotiás da aula.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Buscar similitudes entre a lingua materna e a estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Ser consciente da evolución na aprendizaxe da lingua.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Valorar a diversidade lingüística como elemento enriquecedor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.			
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	WHERE¿S MY COAT?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - CA1.1.1. - COMPRENDER o sentido global e información específica de TEXTOS ORAIS sinxelos relacionados co tema traballado en cada unidade.	Comprender o sentido global dun texto ORAL relacionado co tema abordado nesta unidade didáctica.		
CA1.3.1. - CA1.3.1. - EXPRESAR ORALMENTE textos breves e sinxelos previamente preparados sobre o tema traballado en cada unidade didáctica, coidando a pronunciación, a fluidez a entoación e a expresividade.	Reproducir textos breves sinxelos cunha fluidez aceptable e unha pronunciación aproximada que permita a comprensión da mensaxe por parte do oínte.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ser quen de comunicarse e intercambiar información en relación ao tema traballado.	TI	100
CA1.7.1. - CA1.7.1. - Empregar estratexias para comunicarse en situacións cotiás, formulando preguntas que expresen necesidade ou permiso e así solventar necesidades inmediatas (Teacher, I haven't got a pencil. Can I have one, please?)	Amosar intención comunicativa na lingua estranxeira para expresar necesidades ou desexos en situacións cotiás da aula.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Iniciarse na autoavaliación e na toma de consciencia do propio proceso de aprendizaxe.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola diversidade cultural dos países de fala inglesa.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.			
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.		Baleiro	0
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	BREAK TIME	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - CA1.1.1. - COMPRENDER o sentido global e información específica de TEXTOS ORAIS sinxelos relacionados co tema traballado en cada unidade.	Comprender o sentido global dun texto ORAL relacionado co tema abordado nesta unidade didáctica.	TI	100
CA1.3.1. - CA1.3.1. - EXPRESAR ORALMENTE textos breves e sinxelos previamente preparados sobre o tema traballado en cada unidade didáctica, coidando a pronunciación, a fluidez a entoación e a expresividade.	Reproducir textos breves sinxelos cunha fluidez aceptable e unha pronunciación aproximada que permita a comprensión da mensaxe por parte do oínte.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Interactuar oralmente en intercambios de información sobre os temas traballados, sendo capaz, como mínimo, de responder correctamente a preguntas relacionadas co tema desta unidade.		
CA1.7.1. - CA1.7.1. - Empregar estratexias para comunicarse en situacións cotiás, formulando preguntas que expresen necesidade ou permiso e así solventar necesidades inmediatas (Teacher, I haven't got a pencil. Can I have one, please?)	Amosar intención comunicativa na lingua estranxeira para expresar necesidades ou desexos en situacións cotiás da aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Iniciarse na toma de consciencia das similitudes e diferenzas entre as linguas		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Ter estratexias para mellorar a súa capacidade de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Respectar a diversidade lingüística e cultural dos países de fala inglesa.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.			
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	WHAT¿S THE MATTER?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - CA1.1.1. - COMPRENDER o sentido global e información específica de TEXTOS ORAIS sinxelos relacionados co tema traballado en cada unidade.	Comprender o sentido global dun texto ORAL relacionado co tema abordado nesta unidade didáctica.	TI	100
CA1.3.1. - CA1.3.1. - EXPRESAR ORALMENTE textos breves e sinxelos previamente preparados sobre o tema traballado en cada unidade didáctica, coidando a pronunciación, a fluidez a entoación e a expresividade.	Reproducir textos breves sinxelos cunha fluidez aceptable e unha pronunciación aproximada que permita a comprensión da mensaxe por parte do oínte.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Copiar palabras a partir dun modelo dado.		
CA1.7.1. - CA1.7.1. - Empregar estratexias para comunicarse en situacións cotiás, formulando preguntas que expresen necesidade ou permiso e así solventar necesidades inmediatas (Teacher, I haven't got a pencil. Can I have one, please?)	Sen quen de ter unha conversa de uso cotiá (saudar, despedirse, preguntar cómo está unha persoa e saber contestar, pedir para ir ao baño, pedir permiso para beber, para sonarse e para coller material)		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Atopar pequenas diferenzas e similitudes entre as linguas da nosa comunidade e a lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Respectar as diferenzas lingüísticas e culturais dos países de fala inglesa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.			
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.		Baleiro	0
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, contestar a preguntas, desenvolver un xogo....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado deste grupo de 3º, o que axudará a darlle a cadaquén unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.
- Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.
Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de terceiro de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.
- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.
- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

MATERIAIS

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- * adiviñar a tarxeta;
- * memory game;
- * facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: https://www.canva.com/es_419/

8- Encerado dixital interactivo ou panel dixital

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior

uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso pódense recoller evidencias tales coma gravacións de audio e/ou vídeo individuais, e interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións teatrais e role-plays, análise do portfolio do alumnado, e outros.

Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaborados polo alumnado nos que use a lingua escrita.

As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá e exporá neste apartado o procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos serán as medidas idóneas a adoptar.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso do ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.2 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.3 - Consumo responsable	X	X	X	X	X

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAÍDAS DIDÁCTICAS	Aproveitaranse as saídas do alumnado para traballar a LE	X	X	X
VISITAS AO CENTRO	Posible contacontos ou teatro.			X
CONMEMORACIÓNS DA ESCOLA	Samaín, Magosto, 25N, Nadal, 8M.	X	X	X
CONMEMORACIÓNS RELACIONADAS COA LE	Halloween, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving.	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A relación de obxectivos establecidos e temporalización foi a adecuada.
Metodoloxía empregada
As actividades seleccionadas favoreceron o desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
As sesións de aula impulsaron a aprendizaxe de cada alumno/a.
Clima de traballo na aula
O ambiente de traballo foi o adecuado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo comunicación frecuente co titor/a do curso.

Descrición:

O grao de consecución dos indicadores de logro severán para reconducir o proceso de ensino-aprendizaxe durante todo o curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecvente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na area de lingua estranxeira.

ANALIZARASE:

Adecuación da programación ao contexto de centro e aula.

Organización e funcionamento do grupo de clase.

Resposta á diversidade do alumnado.

Consecución das finalidades sintetizadas na programación.

Funcionalidade da metodoloxía adoptada.

Emprego de recursos da aula e do centro.

Proposta de actividades adecuada e motivadora.

Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua).

Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Realización de reunións grupais e claridade na transmisión de información.

Realización de reunións individuais co conseguinte establecemento dunha relación de confianza e cooperación.

Claridade e eficacia na transmisión de informacións.

Funcionalidade das reunións de coordinación.

Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes.

Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación.

Prevención, seguimento e detección de problemas e dificultades.

Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado.

9. Outros apartados